

OS NÓS COMPROMISOS DE TRANSPARENCIA



**PORTAL DE
TRANSPARENCIA**
Professional Direct Sales

OS NOSOS COMPROMISOS DE TRANSPARENCIA

INTRODUCCIÓN: UNHA NOVA FORMA DE PRESTARCHE O NOSO SERVIZO DE VENDA DIRECTA, MÁIS SEGURA E EFICAZ.

Ante todo, queremos que te sintas seguro ou segura connosco, como partícipe desta experiencia de transformación e de cambio que che propoñemos. O Protocolo de Transparencia é un **novο paradigma na forma de prestarche o servizo, de atenderte e de te ter en conta do xeito máis seguro e eficaz**. Neste sentido, **EDITORIAL PLANETA** é a primeira empresa do sector que desenvolveu tecnicamente unha análise de transparencia como base dos seus compromisos éticos e legais co seu sistema de contratación.

Un **novο modelo** que cambia a forma tradicional de entender o servizo de venda a través duns innovadores **COMPROMISOS** que che acompañará durante todo o contrato e que só connosco vas atopar.

Estes compromisos son os seguintes:

- **A Transparencia como dereito do cliente, sen excepcións.**

Basta con seres cliente. O Protocolo de transparencia é universal, un dereito que todo cliente ten a recibir un tratamento especializado da información proporcionada; sen exclusións por razón da súa condición de consumidor, empresa ou o seu perfil financeiro específico. Un dereito efectivo que tes desde o mesmo momento en que contrates connosco.

- **Transparencia integral.**

O protocolo de transparencia abrangue non só o contrato que asinamos, senón tamén a transparencia de todos os aspectos ou cuestións derivadas da execución do devandito contrato.

Un protocolo integral que se estende a toda a túa relación contractual, isto é, a toda a duración do contrato.

- **A mediación como elemento integrante da contratación.**

O Protocolo de Transparencia é unha revolución no sector da venda directa, pois considera o teu dereito á mediación como fase previa a calquera reclamación xudicial, así como a resolución de calquera controversia a través do diálogo. Todo un fito na mellor protección dos teus dereitos.

- **Transparencia e rastrexabilidade da oferta.**

O compromiso de transparencia alcanza non só a todos os aspectos que se deriven do contrato que subscribas, senón tamén a todas as posibles modificacións que poidan alterar a oferta inicial do produto solicitado, sen excepcións.

- **Transparencia e seguridade dos teus dereitos.**

O teu Protocolo de Transparencia estará presente en todo o sistema operativo de contratación, xa que será un factor determinante para avaliar as túas observacións, suxestións e queixas. De forma que estará sempre conectado co Servizo de Atención ao Cliente.

- **Transparencia e protección de datos.**

O teu Protocolo de Transparencia tamén che proporcionará un específico tratamento dos teus datos, e da súa utilización, máis garantista e eficaz.

UN SELO DE CALIDADE E EXCELENCIA AO TEU SERVIZO.

En resumo, **O PROTOCOLO DE TRANSPARENCIA** representa, ademais, un selo de calidade e excelencia ao teu servizo, xa que a súa configuración e desenvolvemento foron deseñados polos **servizos xurídicos do Grupo Planeta** en estreita colaboración co Sr. Francisco Javier Orduña Moreno, ex-maxistrado da Sala Primeira do Tribunal Supremo e profesor de Dereito Civil na Universidade de Valencia, un dos maiores especialistas en transparencia no noso país, xunto co seu equipo de investigación na Universidade de Valencia.